

## BANDO INFORMATIVO COVID-19 EN VIANA DO BOLO E NOVAS MEDIDAS

En relación á *ORDE do 14 outubro de 2020 pola que se establece unha medida de prevención específica como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*, publicada no DOG núm. 207-bis do 14/10/2020, infórmase á veciñanza que, dende as 00.00 h do día 15 de outubro de 2020, os **grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados están limitados a un máximo de 10 persoas**, salvo no caso de **persoas convivintes**.

Esta limitación non será aplicable no caso de **actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas**, así como actividades en **centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais**, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Por outra banda, en relación á situación do COVID-19 no Concello de Viana do Bolo, o Servizo Galego de Saúde vén de comunicar a esta Alcaldía a **o positivo en COVID-19 dun traballador da Residencia de Maiores e da Terceira Idade de Viana do Bolo**. Na actualidade estase a realizar o rastrexo de contactos e as probas PCR seguindo os protocolos correspondentes, polo que ó longo da fin de semana irase actualizando esta información. Infórmase, asemade, da existencia de outros casos positivos na nosa Vila, os cales teñen carácter illado, e están completamente controlados.

Reitérase a toda a veciñanza a necesidade de manter as medidas de hixiene persoal e colectiva (lavado de mans con auga e xabón ou xel hidroalcohólico, e o uso de máscara) e de manter a debida separación entre persoas, así como respectar as novas medidas preventivas, limitando as reunións sociais e familiares a un máximo de 10 persoas.

O que se fai público para o xeral coñecemento en Viana do Bolo a 16 de outubro do 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.  
Asinado dixitalmente á marxe.

---

**Concello de Viana do Bolo**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

